


# Matrix e a filosofia

1º de Bach

# Matrix e a filosofía




- Dualidade de mundos
- Percepción, representación e existencia
- Liberdade
  - Somos realmente libres?
  - Queremos realmente ser libres?
  - O prezo da liberdade
  - A predestinación vs Libre albedrío
    - Existe?
    - Qué farías se coñeces o teu destino?
- A felicidade
- O amor
- Autocoñecemento
- O ser humano: fin ou instrumento
- Existencia, subxectividade e simulacións
- Espazo e tempo

# Matrix e a filosofía. Dualidade de mundos.

- O primeiro en propoñer unha dualidade de mundos foi **Platón** (IV. a.C.) o cal distinguía entre o **mundo das ideas (intelixible) e o sensible**.

Mundo das ideas	Mundo sensible
Eterno	Creado polo <i>demiurgo</i> tomando como modelo o <i>mundo das ideas</i>
Inmutable	En constante cambio
Residen as ideas e -circunstancialmente- as almas que ascenderon mediante a virtude. A estancia das almas é efímera xa que están a espera re-integrarse noutro corpo ( <i>metempsicose</i> ou <i>transmigración das almas</i> )	Residen o corpo e a alma mentres esta última non ascende ao mundo das ideas mediante a virtude
Perceptible sólo pola alma	Perceptible polos sentidos e a alma que “lembra” as ideas ( <i>Anamnesis</i> ).
O coñecemento é verdadeiro ( <i>epistéme</i> )	O coñecemento non é verdadeiro. Simplemente <i>opinión (doxa)</i> .



Platón



O arquitecto (Matrix Reloaded)

# Matrix e a filosofía. Dualidade de mundos. Descartes

- Matrix é unha realidade mental, distinta da física real.
- Recolle a vella **dualidade mente - corpo** de **Descartes**, o cal os contemplaba como entes distintos (igual que Platón que consideraba corpo e alma como entes distintos).
- Descartes vai ademáis elaborar unha **teoría do coñecemento**: o **proxecto cartesiano**.
- Para que o coñecemento sexa sólido, Descartes vai **dubidar de todo**, ata chegar a un coñecemento tan evidente e verdadeiro que sirva de cimiento para todo o coñecemento: nace así o **cogito ergo sum**.



# Matrix e a filosofía. Descartes

- As dúas primeiras **dúbidas** de Descartes son:
  - A. Os **sentidos**. Descartes considera que os sentidos poden enganar, polo que o coñecemento que proporcionan non é fiable.
  - B. O **sono / vixilia**. Descartes dubida acerca si está esperto ou durmido xa que considera que os sonos poden ser moi reais e non é posible distinguilos.



# Matrix e a filosofía. Percepción, representación e existencia.

- Correntes filosóficas como o **empirismo**, ou filósofos como **Schopenhauer** e **Kant**, estudan a percepción humana.
- Empirismo:
  - **Berkeley** afirmará que o **real é o percibido** e o que non é percibido non é real.
  - **Hume** di que non existe a conciencia (*cogito* cartesiano) como ente separado do corpo senón que **a conciencia é un conxunto de percepcións dos sentidos en constante cambio**.



# *Matrix* e a filosofía. Percepción, representación e existencia.

- **Kant** afirmará que o **mundo percibido (*fenómeno*) non é o real**. O **mundo real (*noúmeno*)** é incognoscible polo ser humano.
- Afirma que o ser humano posúe unha sorte de estruturas internas (***formas a priori da sensibilidade***) que sirven para organizar por defecto a nosa experiencia (percepcións).
- Estas *formas a priori* fan que o ser humano percibamos de xeito similar o mundo.
- Son dúas: **espazo** e **tempo**.




Mundo percibido: *Fenómeno*



Mundo real: *Noúmeno*

# *Matrix* e a filosofía. Percepción, representación e existencia.


- Schopenhauer segue a liña de Kant e engade unha nova *forma a priori*: a **causalidade** (relación causa - efecto)
- O **mundo que percibimos** (racional, ordeado e sometido a leis) non é máis ca unha **representación dos nosos sentidos** e que detrás de esa representación está o **mundo verdadeiro** (caótico, irracional, cega e insaciable) hai unha **forza irracional que é a que move o mundo -a vontade- presente en todos os seres.**



# Matrix e a filosofia. A liberdade



Erich Fromm (1900 - 1980)



# Matrix e a filosofía. A liberdade



Dominación da natureza



Liberación da autoridade espiritual




Liberación do absolutismo




“O ser humano naceu libre, e en todas partes se atopa encadeado” (Rousseau, *O contrato social*)

# Matrix e a filosofía. A liberdade


- Antecedentes / influencias de Fromm



Psicoanálise  
(Freud)



Marxismo (Marx)



**Nietzsche**  
("A auténtica  
liberdade é facerse  
**responsable** dun  
mesmo)



**Kierkegaard**  
"cando nos decatamos  
que somos libres e  
podemos escoller, xorde  
a **angustia**" (angst)

# *Matrix* e a filosofía. A liberdade

Que é a liberdade?, e a ausencia de cadeas?,  
que pode levar a un ser humano a renunciar  
voluntariamente a súa liberdade?

# Matrix e a filosofía. O medo á liberdade. Erich Fromm.

- Defende a idea de que **o importante no estudo do comportamento humano** non son as accións, senón **aquilo que motiva esas accións.**
- En consecuencia, vai emprender unha análise do ser humano desde tres puntos de vista:
  - **Histórico: Social e económico fundamentalmente.**
  - **Psicolóxico**
  - **Filosófico**



# *Matrix e a filosofía. O medo á liberdade.*

## Erich Fromm. O ser humano como ser social.

- Fromm discrepa de Freud:
  - A **psicloxía humana** non é unha simple colección de características herdadas e desexos reprimidos, senón que é algo **dinámico froito dun proceso social**.
  - As paixóns, represións, angustias e tendencias son o resultado dun proceso cultural.
  - **O ser humano se adapta psicolóxicamente** -con límites e variando en cada individuo- as circunstancias do seu entorno.
  - O individuo non é un ente illado da sociedade. **A sociedade inflúe na psicloxía do individuo e, a súa vez, a psicloxía do individuo fai posible ese tipo de sociedade**. É unha relación de causa - efecto simultánea.

# Matrix e a filosofía. O medo á liberdade. Erich Fromm. O ser humano como ser social.

O capitalismo (causa) fai que o individuo se obsesione polo traballo (efecto)



Lorenzo de Médici  
(Verrocchio)

Capitalismo  
(sociedade)

Individuo  
obsesionado  
polo traballo/  
produtividade



O individuo obsesionado polo traballo (causa) fai posible o capitalismo (efecto)


# *Matrix e a filosofía. O medo á liberdade.* Erich Fromm. O ser humano como ser social.

- Fromm, ademáis, identifica diferentes **necesidades** inherentes ao ser humano:
  - **Fisiolóxicas** (necesarias para a preservación):  
Comer, beber, durmir, seguridade, etc.
  - **Inherentes ao ser humano** como a **Socialización**



# O ser humano como ser social


- O ideal grego clásico defendía a idea de **que o ser humano era social por natureza**. É dicir, para eles, o natural era vivir nas *polis*.
- Isto tiña dúas consecuencias:
  - A **política** (gobierno das *polis*) **era máis importante ca ética** (“gobierno do individuo), e a **sociedade estaba por riba do individuo**.
  - **Ideal grego de superioridade con respecto dos bárbaros** (os cales non viven en *polis* e por iso non poden desenvolverse como seres humanos)
  - As teorías (Platón, Aristóteles) que defenden esta idea do ser humano social por natureza chámanse **Teorías políticas clásicas**



Debuxo da acrópolis ateniense na época clásica

# O ser humano como ser social


- **Aristóteles** (384 a.C - 322 a.C.) foi o más vehemente afirmando que **o ser humano era un *animal político* (*zoon politikon*)** o que significa que é un ser cuxa natureza é social, sendo a *polis* a organización natural.
- Para Aristóteles, **a existencia da linguaxe no ser humano, era a clave para afirmar a natureza social do ser humano.**
- Afirma ademáis, que fóra da *polis*, o ser humano non pode desenvolverse plenamente e, en consecuencia, acadar o seu **fin último: a felicidade**



Aristóteles

# O ser humano como ser social.

- A idea do ser humano como ser social foi discutida polos filósofos chamados **contractualistas** (Hobbes, Locke, Rousseau, Spinoza...).
- Os contractualistas defendían que **o individuo non é un ser social, senón que a sociedade xorde como unha necesidade.**
- A sociedade xorde porque os seres humanos «firman» un **contrato**, polo que **renuncian a certos dereitos** (liberdade absoluta) **a cambio doutros** (seguridade, xustiza), **aceptando voluntariamente someterse as institucións da sociedade.**




AKAL / BÁSICA DE BOLSILLO

JEAN-JACQUES  
ROUSSEAU


EL CONTRATO SOCIAL

# O ser humano como ser social.

- Hobbes, por exemplo, pensaba que o ser humano era violento e egoísta por natureza, polo que a sociedade era necesaria para a **preservación do individuo e evitar a guerra**.
- Locke, pola contra, pensaba que o ser humano non era malo por natureza, pero sí que poderían xorder **problemas na administración de xustiza** nun **estado de natureza**, polo que era necesario crear institucións que se encargaran de crear e executar as leis, sendo esto posible a través dun contrato social que da lugar á sociedade civil.
- Rousseau coincide con Locke e afirma que o home é bo por natureza, pero advirte que as súas **capacidades para sobrevivir por si só son limitadas e que a aparición da propiedade privada vai dar lugar a envexas, inxustizas e violencia**, sendo a solución a creación dunha sociedade civil sometida ao que vai denominar a **Vontade xeral**.
- Spinoza pensaba que a sociedade era necesaria para a **supervivencia e a felicidade** (nisto último é igual que Aristóteles!)



Thomas Hobbes



John Locke

# *Matrix e a filosofía. O medo á liberdade.* Erich Fromm. O ser humano como ser social.

1. Que entendes por liberdade?
2. Con respecto a sociabilidade humana: Que postura cres que é a correcta? A de Aristóteles ou a dos contractualistas? **Xustifica a túa resposta.**
3. Con que contractualista te identificas máis? Por que?
4. Renunciarías a túa liberdade? Baixo que condicións?



# Matrix e a filosofía. A liberdade



Dominación da natureza



Liberación da autoridade espiritual



Liberación do absolutismo




“O ser humano naceu libre, e en todas partes se atopa encadeado” (Rousseau, *O contrato social*)



# Matrix e a filosofía. O medo á liberdade.

## Erich Fromm. O ser humano como ser social.

- Fromm defende que ao longo da súa vida o ser humano vai desenvolvendo vínculos co entorno.

### Proceso de Individuación



	Vínculos Primarios	Vínculos Secundarios
	Nai (inicialmente), familia, entorno (colexio, casa, etc.)	Traballo, Amor.
	Proporciona <b>seguridade e sentido de pertenza. O mundo ten orde e sentido.</b>	<b>Liberdade de acción, desenvolvemento da personalidade, autorrealización.</b>
	O individuo <b>non desenvolve a súa personalidade</b> , someténdose as diferentes autoridades presentes na súa vida. É pasivo, non crea e non é libre.	O suxeito se da conta de que é distinto do resto de individuos e da natureza. Se sente <b>illado, inseguro e impotente</b> ante a sociedade e o seu lugar no mundo.

# *Matrix e a filosofía. O medo á liberdade.* Erich Fromm. O ser humano como ser social.

- Canto máis desenvolvido está o proceso de individuación, o individuo é **máis libre**, pero, o mesmo tempo, se sente máis **illado, inseguro e angustiado**.
- A natureza vólvese estrana e se rompe a armonía. Antes a familia proporcionaba todo o necesario ao individuo, agora é o individuo o que debe enfrontarse ao mundo e obter o necesario para sobrevivir.
- Precisa **buscar o seu lugar no mundo** e comeza a ser **consciente de que as súas libres decisións teñen consecuencias na súa vida**.
- Canto máis consciente é o individuo da súa liberdade **máis angustia** sofre.



# *Matrix e a filosofía. O medo á liberdade.* Erich Fromm. O ser humano como ser social

- Chega un punto no se proceso de individuación no que **os vínculos primarios se rompen**.
- Unha vez que os vínculos primarios se rompen, **xa non hai volta atrás**. Todo intento de volver a ese estado *pre-individualista* é van e un auto-engano.



# Matrix e a filosofía. O medo á liberdade. Erich Fromm.

- Para Fromm, o xeito de librarse desta angustia é a través do amor e o traballo creativo.
- Non obstante, ao igual que en *Matrix*, **algúns individuos non soportan o prezo da liberdade e prefiren renunciar a ela a cambio de -parcialmente- calmar a angustia que sofren.**




desmotivaciones.es

## ¿Sabes?

Sé que este filete no existe, sé que cuando me lo meto en la boca es Matrix la que está diciendo a mi cerebro: "es bueno y jugoso". Después de nueve años, ¿sabes de lo que me doy cuenta? La ignorancia es la felicidad


# Matrix e a filosofía. O medo á liberdade. Erich Fromm.

- Segundo Fromm, **para canalizar esa angustia**, os individuos tenden a **evadirse**. Algúns escollen a **relixión**, outros **agrupacións sociais** ou **movementos políticos**, que aportan **significado a súa vida** e **sentimento de pertenza** (mitigando así a sensación de illamento).
- En todos os casos, **o individuo se dilúe no grupo e se subordina a un poder superior** (deus, autoridades, país, líder, conciencia, etc.)



# *Matrix e a filosofía. O medo á liberdade.* Erich Fromm.

- Outros canalizan a súa angustia a través de **actividades compulsivas** como o exceso de traballo, aforro e acumulación excesivos, autoesixencia extrema, etc. que levan ao **sofremento** e **autodestrución** e **afastan ao individuo da felicidade**.
- O **sofremento** humano se convirte nun **medio para calar a angustia da súa existencia**.




# Matrix e a filosofia. O medo á liberdade. Erich Fromm.

- Esta classe de individuo (o compulsivo) **pode parecer moi egocéntrico, confiado e centrado en sí mesmo**, pero segundo Fromm, **en realidade sente en un profundo desprezo por sí mesmo**, porque négase a aceptar quen é en realidade.
- Sabe que aceptar a súa individualidade (e a liberdade) o leva ao illamento e a angustia, a cal non pode soportar. **O seu eu é débil**, o individuo o sabe e **se autodespreza por iso**, ao igual que o que se intenta diluir no grupo.




# Matrix e a filosofía. O medo á liberdade. Erich Fromm.

- Para Fromm, ese sofrimento e autodesprezo provoca no individuo **tendencias sádicas e masoquistas**. Estas dúas tendencias xuntas conformarían o que se chama **carácter autoritario**.
- As **masoquistas** se manifestan a través da **sumisión voluntaria do individuo ao poder superior** asociado frecuentemente á **forza**.
- Isto fai que **prosperen os rexímenes totalitarios** no que o goberno acapara grandes cantidades de poder a través dun **líder carismático** o que, no fondo, pouco lle importa o seu sofrimento.




# *Matrix e a filosofía. O medo á liberdade.* Erich Fromm.

- O **líder**, segundo Fromm, intentará **xustificar a súa acumulación de poder racionalizando as súas accións** e, con frecuencia, acusando aos rivais de posuír - curiosamente- as mesmas intencións que o líder mantén en segredo e que son contrarias aos intereses do pobo.



# Matrix e a filosofía. O medo á liberdade. Erich Fromm.

- **Exemplos de racionalización e xustificación** se atopan no libro de Hitler *Mein Kampf* (“Miña loita”) no que defende ideas como:
  - A **dominación e conquista** doutros pobos por Alemania é polo seu **ben** e vai en favor da **creación dunha “cultura mundial”**.
  - A **vontade de poder** é algo **natural**, e o líder (Hitler neste caso) non fai máis que seguir a natureza. En base a iso, o líder argumenta que el non actúa no seu nome, senón **en nome dun poder superior**: *Deus*, o destino, a historia, a natureza...é dicir, un poder superior a sí mesmo e que xustifica os seus actos.
  - A **dominación** sobre os rivais políticos e os outros pobos, minorías, etc. é **en favor da paz e liberdade** que son ameazadas por eses grupos. Calquera agresión e intento de dominación é froito da *autodefensa*.



# Matrix e a filosofía. O medo á liberdade. Erich Fromm.

- Extracto de “O medo á liberdade”

“Así, (Hitler) acusa aos xudeus de levar tropas francesas de cor ata o Rin coa intención de destruír a raza branca -por medio da bastardía subseguinte- «a fin de asumir deste modo a posición de donos». Dirixe a mesma acusación aos franceses. Os acusa de querer estrangular Alemania e privala da súa forza. Acusa aos comunistas de brutalidade, e o éxito do *marxismo* é atribuído a súa vontade política e a súa brutalidade.”

Hitler, no fondo, **acusa os seus rivais das intencións segredas que el mesmo ten**



**What is 'The Great Replacement' conspiracy theory?**

# *Matrix e a filosofía. O medo á liberdade.* Erich Fromm.

- As **crises económicas e sociais son o caldo de cultivo perfecto**, xa que o individuo en problemas vese superado e impotente ante a sociedade.
- Esa desesperación o pode levar a renunciar a súa liberdade a cambio de “seguridade” ou “certezas”.



# Matrix e a filosofía. O medo á liberdade. Erich Fromm.

- As **sádicas** se manifestan a través da **necesidade de control sobre outros**, normalmente considerados máis febles.
- **Minorías** étnicas, raciais e políticas, **rivais** políticos e **outras nacións** consideradas febles ou decadentes adoitan ser **obxectivos da tendencia sádica**.
- As manifestacións máis extremas poden incluír a **violencia, escravitude, humillación e incluso a destrucción do outro**.



# *Matrix e a filosofia. O medo á liberdade.* Erich Fromm.

- En calquera **caso o individuo renuncia a súa liberdade e se encadea voluntariamente.**
- Isto fai que **prosperen os rexímenes totalitarios** no que o goberno acapara grandes cantidades de poder, sometendo ao individuo.
- Isto **o condena** -segundo Fromm- a un **estado de infelicidade permanente**, aínda que superficialmente pareza feliz e motivado.




# Matrix e a filosofía. O medo á liberdade. Erich Fromm.




# *Matrix e a filosofía. O medo á liberdade.* Erich Fromm.

"Ninguén pode construír por ti a ponte sobre o cal precisamente ti debes cruzar o río da vida, ninguén excepto ti mesmo. Hai, certamente, innumerables carreiros e pontes e semideuses que quererían levarte ao outro lado; pero só ao prezo de venderte a ti mesmo; empeñaríaste e perderíaste. Hai no mundo un único camiño polo cal ninguén senón ti pode transitar: onde leva? Non preguntes, sígueo!"

*Schopenhauer como educador (1874, Nietzsche)*




# Matrix e a filosofía. Concepto de liberdade.



“A liberdade consiste en actuar voluntariamente e con coñecemento, sendo dono dos propios actos. Un acto libre é aquel cuxo principio está no propio axente e non na coacción externa.” (*Ética a Nicómaco*, Aristóteles)



“A liberdade é a capacidade de elixir o ben, pero está debilitada polo pecado. Só mediante a graza divina o ser humano pode ser verdadeiramente libre.” (*De libero arbitrio*, San Agostiño)



“A liberdade é a ausencia de impedimentos externos para actuar conforme á propia vontade. Non implica ausencia de leis, senón a ausencia de obstáculos físicos.” (*Leviatán*, Thomas Hobbes)




“A liberdade é a autonomía da vontade, é dicir, a capacidade de actuar segundo leis morais que a razón se dá a si mesma, independentemente de inclinacións ou desexos.” (*Crítica da razón práctica*, Immanuel Kant)

# *Matrix e a filosofia. O medo á liberdade.* Erich Fromm. Texto.

- Extracto do capítulo *Os dous aspectos da liberdade para o home moderno (O medo á liberdade, Erich Fromm)*





# Matrix e a filosofía



- Dualidade de mundos
- Percepción, representación e existencia
- Liberdade
  - Somos realmente libres?
  - Queremos realmente ser libres?
  - O prezo da liberdade
  - **A predestinación vs Libre albedrío**
    - Existe?
    - Qué farías se coñeces o teu destino?
- A felicidade
- O amor
- Autocoñecemento
- O ser humano: fin ou instrumento
- Existencia, subxectividade e simulacións
- Espazo e tempo

# Matrix e a filosofía



- En teoría, *Neo* está **predestinado**: é o *escollido*. Isto implica que ten un destino.
- Sen embargo o *oráculo* lle revela que chegado o momento, terá que **escoller** entre a súa vida e da *Morfeo*, nun exercicio de **libre albedrío**.
- Pero é posible que a predestinación e o libre albedrío sexan posibles ao mesmo tempo?

# Matrix e a filosofía. Predestinación, determinismo e libre albedrío.

## • Tipos de liberdade:

- **Liberdade sociolóxica**, que é o sentido orixinario de liberdade, refírese, na antigüidade grega e romana, a que o individuo non se acha na condición de escravo, mentres que, **na actualidade** alude á **autonomía de que goza o individuo fronte á sociedade**, e refírese á liberdade política ou civil, garantida polos dereitos e liberdades que amparan ao cidadán nas sociedades democráticas.
- **Liberdade psicolóxica** é, normalmente, a capacidade que posúe o individuo, «dono de si mesmo», de non sentirse obrigado a actuar a pedimento da motivación máis forte.
- **Liberdade moral** é a **capacidade** do home de decidirse a actuar de acordo con a razón, sen deixarse dominar polos impulsos e as inclinacións espontáneas da sensibilidade.




Libertade da Vontade  
= Libre Albedrío

# *Matrix* e a filosofía. Predestinación e libre albedrío.

- A **predestinación** é a doutrina segundo a cal o destino último do ser humano (salvación ou condena) está **determinado de antemán**, xeralmente pola vontade divina.
- Esta idea xorde no ámbito relixioso, pero tivo importantes consecuencias filosóficas ao relacionarse cos problemas da liberdade humana, a **xustiza divina** e a **responsabilidade moral**.


# Matrix e a filosofía. Predestinación, determinismo e libre albedrío.




- **Platón** consideraba que o ser humano era libre cando a razón dominaba aos desexos

- **Aristóteles** relacionaba liberdade e **vontade**, sendo a liberdade a capacidade de actuar voluntariamente. Define o libre albedrío como *liberdade de indiferencia*:

- Liberdade como ausencia de coacción interna a querer unha cousa máis ca outra (sentido negativo)
- Liberdade como capacidade de decidirse por unha cosa ou outra (sentido positivo)
- Liberdade como capacidade de decidirse a non facer / decidir nada.



- Os **estoicos** (Zenón, Epicteto) consideraban que no universo había unha sorte de *intelixencia universal (logos)* que rexía o universo e as nosas accións e, polo tanto, o nosos destino. A **única liberdade** humana sería **aceptar ese destino**. Esta postura se coñece como **determinismo**.




# *Matrix* e a filosofia. Predestinação e libre albedrío.

- Segundo a filosofia cristiana o *libre albedrío* ou *libre arbitrio* (outro nome da liberdade humana) medieval estaba marcado polo ***pecado orixinal***.



# *Matrix* e a filosofía. Predestinación e libre albedrío.



- San Agostiño pensaba que si Deus, que é infinitamente bo, creou a o ser humano a súa imaxe e semellanza, o ser humano tamén tiña que ser bo por natureza.

**Pero, entón, como explicar o mal no mundo?**

# Matrix e a filosofía. Predestinación e libre albedrío.



- Para San Agostiño **o ser humano é libre, e as súas accións dependen da vontade**. O problema é que **a vontade foi corrompida polo pecado orixinal introducindo a inclinación ao mal**.
- Tamén pensaba que **Deus predestinaba** a certas persoas a salvación e a outras non. Aquelas que predestinaba a salvarse concedíalles a **graza divina** que os **impulsaba a actuar ben**. É dicir, actuar ben era símbolo de posuír a *graza divina* e de ser salvado por Deus.

# Matrix e a filosofía. Predestinación e libre albedrío.



Para **Lutero** (do grego *Eleutheros* = home libre) o ser humano estaba completamente corrompido e a súa **liberdade era moi limitada**. Deus predestinaba a algunhas persoas á salvación, sendo o libre albedrío humano inútil ao respecto, o único camino posible ao ser humano era a completa sumisión a Deus.

Non é un paradoxo cambiar o teu nome a *Luther* como lembranza do termo grego e despois dicir que a liberdade humana é inútil para o fin máis importante do home medieval (a salvación)?

# Matrix e a filosofía. Predestinación e libre albedrío.



- **Descartes** -ao igual- que Aristóteles considera que o *libre albedrío* é a **capacidade humana para escoller facer algo ou non facelo sen ningún tipo de coacción.**




- **Spinoza**, pola contra, pensaba Deus (a natureza) funcionaba baixo leis e regras moi precisas e que **todo** (incluído o comportamento humano) **estaba determinado por estas leis.**

# *Matrix* e a filosofia. Responsabilidade e Autonomía


“Porque, que é a **liberdade!** Ter a **vontade de ser responsável dun mesmo**”

*(O crepúsculo dos ídolos, Friedrich Nietzsche)*





# Matrix e a filosofía. Responsabilidade e Autonomía

- Se define a **responsabilidade** como a capacidade de dar razóns sobre as nosas decisión e accións e así xustificarnos.
- A responsabilidade implica a **asunción do éxito ou o fracaso**.
- Tipos de responsabilidade:
  - **Moral**: A determina a nosa conciencia
  - **Civil**: A determina as leis
- Para ser **responsable hai que ser libre**.



# Matrix e a filosofía. Responsabilidade e Autonomía

- A **filosofía** -en xeral- **non entende a liberdade sen responsabilidade** porque a **liberdade implica decisión** e iso implica **asumir as consecuencias de tal decisión**.
- **John Stuart Mill** defende á **liberdade responsable** afirmando que o ser humano é **libre mentres non dane aos demais**.
- **Hanna Arendt** incluso identificou a **irresponsabilidade coa maldade**.
- Para **Kant** a irresponsabilidade equivale a actuar por inclinacións e non por *autonomía*.



# Matrix e a filosofía. Responsabilidade e Autonomía



- **Kant** distingue entre:
  - *Autonomía* (cando o individuo se da a sí mesmo as leis polas que se rixe o seu comportamento) → O individuo é libre e responsable.
  - *Heteronomía* (cando o individuo se rixe e comporta por leis impostas externas a el) → O individuo non é libre.
- A autonomía é clave xa que proporciona liberdade e, en consecuencia, é a condición para que exista a moralidade.

# Matrix e a filosofia. Responsabilidade e Autonomía


- O existencialista Jean - Paul Sartre afirmou que a «existencia precede a esencia», é decir, **non existe unha esencia humana que nos determine. Son os nosos actos os que determinan quen somos. O ser humano é radicalmente libre e totalmente responsable dos seus actos.** Polo tanto afirma que é necesaria crear una ética de responsabilidade individual allea a calquer sistema externo de valores.




Jean Paul  
**Sartre**

El existencialismo  
es un humanismo

Prólogo con reseña crítica de la obra,  
vida y obra del autor, y marco histórico



 Grandes de la Literatura  
editores mexicanos unidos, s. a.

# *Matrix* e a filosofía. Responsabilidade e Autonomía

Pero, é posible unha liberdade irresponsable?

Sería xusto castigar a un escravo por executar unha orde dada polo seu am@?



# Matrix e a filosofía. Responsabilidade e Autonomía

- En teoría, sí sería posible unha liberdade irresponsable se a abstraemos da ética e da moral.
- Desde un **punto de vista ético e moral**, facer responsable a un escravo dunha orde dada polo seu amo plantea numerosos problemas. Sí, o **escravo** executou a acción pero **non foi libre para escoller, polo tanto tampouco se debería considerar responsable** porque entendemos que liberdade e responsabilidade son inseparables.

Isto implica que si o escravo é inocente e non responsable dos seus actos porque non é libre, a persoa que decide libremente sí debe ser responsable dos seus actos.